



Memoria

final do departamento de Bioloxía e Xeoloxía 22-23

IES A Xunqueira II.

Pontevedra.

Asdo. A xefatura de departamento.

Dª/D. Mª Luz Lores Buezas





Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.....	3
3. Propostas para a revisión de:	8
1. A programación didáctica para o curso seguinte.....	8
2. A concreción curricular.....	8
4. Funcionamento do departamento.....	8
5. Composición do mesmo.....	8
6. Temas máis importantes tratados nas reunións.....	9
1. Setembro.....	9
2. Outubro.....	9
3. Novembro.....	9
4. Decembro.....	10
5. Xaneiro.....	10
6. Febreiro.....	10
7. Marzo.....	10
8. Abril.....	10
9. Maio.....	10
10. Xuño.....	11
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.....	11
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.....	12
9. Libros de texto.....	12





1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.

A modificación principal feita durante o curso á programación, foi o feito de suprimir a avaliacións extraordinarias de setembro na ESO, considerándose aí só as avaliacións finais en xuño.

2. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.

O resultado das avaliacións foi similar ao de cursos anteriores, sendo pomenorizado a continuación.

2.1. Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
1º ESO A Andrea	30	25	83%	5	17%

- 2 alumnos con protocolo TDAH
- 1 alumna con protocolo ALTAS CAPACIDADES (a rapaza

non quixo facer as actividades de afondamento curricular)

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
1º ESO B Andrea	30	26	87%	4	13%

- 2 alumnos con protocolo TDAH
- 1 alumno con protocolo DISLEXIA
- 1 alumno con adaptación das probas escritas

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
1º ESO C Andrea	30	23	77%	7	23%

- 3 alumnos con protocolo TDAH
- 1 alumno con ACI
- 2 alumnos con protocolo ALTAS CAPACIDADES





CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
1º ESO D Andrea	30	26	87%	4	13%

- 1 alumno con protocolo AUTISMO
- 1 alumna con ACI
- 1 alumno con protocolo ALTAS CAPACIDADES (o rapaz

non quixo facer as actividades de afondamento curricular)

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Impartíuse toda a materia programada, aínda que precisaríamos a hora semanal que se lle quitou a esta materia, para abordala máis correcta e profundamente.

Ademais de Andrea, a profesora titular desta materia, un día á semana, houbo unha profesora de reforzo na aula, aproveitándose, sempre que se podía, para facer actividades de laboratorio.

Lembramos aquí a necesidade de contar cun **ascensor no Centro, xa que dous alumnos non poideron subir nunca ao laboratorio ao non poder subir escaleiras (unha deles estaba en cadeira de rodas). É indispensable ter ascensor no Centro.**

2.2. Ámbito científico 3º PDC

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
3ª PDC Carmen	11	10	91%	1	9%

En canto aos contidos do ámbito científico déronse os mínimos en bioloxía e física-química, pero en matemáticas faltou profundizar na parte de xeometría e dar a parte de estadística.

O grupo deste ano era bastante heteróxeneo con diferentes ritmos de aprendizaxe polo que foi unha dificultade engadida á propia dinámica deste programa.

2.3. Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
3º ESO A Carmen	18	17	94	1	6%





CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
3º ESO B Luz	27	27	100%	0	0%

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
3º ESO C Luz	29	27	93%	2	7%

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
3º ESO D Luz	27	27	100%	0	0%

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Foron impartidos os contidos de bioloxía, os de xeoloxía non puideron abordarse. Os motivos foron os seguintes:

1. Exceso de materia programada para dúas sesións semanais.
2. Apatía do alumnado nalgúns grupos, como por exemplo no grupo A de 18 alumnos-as que era o de referencia de 3º de PDC. A pesar de ser un grupo pouco numeroso non foi moi traballador e aplicado. Só suspendeu unha alumna pero as calificacións non foron moi destacables en xeral.
3. Alteración frecuente do clima de clase concretamente en 3º D, malia ter un comportamento incorrecto, academicamente foron bos.

2.4. Bioloxía e Xeoloxía 4ºESO

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
4º ESO A	15	15	100%	0	0%

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
4º ESO B	16	15	94%	1	6%

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
4º ESO C/D	29	29	100%	0	0%

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Foron impartidos os contidos de bioloxía, aínda que os de xeoloxía abordáronse algo menos.





2.5. Cultura Científica 4ºESO

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
4º ESO (1) Andrea	31	31	100	0	0

- 3 alumnos con protocolo TDAH

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
4º ESO (2) Andrea	26	25	96	1	4

- 1 alumna con protocolo DISLEXIA

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Neste curso académico 2022/2023 impartíuse todo o programa de Cultura Científica. Non obstante, a última parte do currículo, pertencente ao bloque "A humanidade e o uso dos materiais", explicouse pero non foi avaliada.

2.6. Bioloxía e Xeoloxía 1º Bacharelato

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
1º BAC A/B	33	33	100%	0	0%

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Foron impartidos os contidos de bioloxía, aínda que os aspectos relativos á anatomía e fisioloxía comparadas abordáronse menos. Os de xeoloxía non puideron abordarse moi profundamente, pero si mediante prácticas de laboratorio os aspectos máis xerais. A parte de Medio Ambiente foi tratada mediante charlas grazas ao noso antigo compañeiro Luís Alberto Samartín. Os motivos de non dar todo o temario, foron o exceso de contidos programados neste curso

2.7. Anatomía Aplicada 1º Bacharelato

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
1º BAC A/B/C/D	22	22	100%	0	0%



**DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:**

Aprobou todo o grupo de 22 alumnos-as (100%). Resultou ser un grupo falador pero bastante traballador e participativo. En canto o temario faltou dar o sistema nervioso e hormonal, aínda que fixemos a práctica do ollo.

Prácticas de laboratorio realizadas:

- Estudo dos ósos
- Estudo do pulmón de vaca
- Disección de corazón de porco
- Disección de ril de cordeiro
- Disección de ollo de vaca

2.8. Bioloxía 2º Bacharelato

- **Resultados da avaliación ordinaria:**

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
2º BACH D	20	18	90%	2	10%

- Na avaliación extraordinaria os 2 alumnos suspensos, aprobaron.

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Foron impartidos os contidos programados ao 100%.

2.9. Pendentes Bioloxía e Xeoloxía 1º e 3º ESO e PEVS 1º ESO

CURSO	Nº ALUMNOS	APROBADOS	%	SUSPENSOS	%
1º ESO	15	6	40%	9	60%
1º ESO PEVS	3	0	0%	3	100%
3º ESO	2	2	100%	0	0%

Todos eles contaron con actividades de repaso trimestrais que se entregaron en papel e se colgaron na aula virtual do instituto. Estas actividades recolléronse antes de cada avaliación, e fixéronse probas escritas de recuperación de cada materia trimestrais, que versaban sobre as actividades feitas e entregadas. Estívose en contacto cos titores para animar ao alumnado a facer tales actividades e presentarse ás probas, así como para tratar dúbida ou problema da materia. O profesorado de PDC de 2º ESO colaborou activamente na recuperación das materias do alumnado





correspondente. tamén o fixeron os e as titoras, así como o profesorado de 2º de ESO de Física e química, ao darlles clase habitual durante o curso.

3. Propostas para a revisión de:

1. A programación didáctica para o curso seguinte.

Debemos reforzar os aspectos da Xeoloxía e a Ecoloxía no seguinte curso, así como as actividades de laboratorio, reciclaxe e compostaxe no Centro, e tamén o coñecemento natural dos arredores do Centro.

2. A concreción curricular.

Tanto a Xeoloxía coma a Ecoloxía merecen ser reforzadas en todas as materias do Departamento. Tal e como fixemos este curso, as actividades de laboratorio e as actividades de campo nos arredores do instituto, son un complemento indispensable das actividades da clase.

4. Funcionamento do departamento.

En xeral, penso funcionamos ben. As reunións foron practicamente semanais. Colaborando e poñéndonos de acordo en todo momento.

En Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO, con soamente 3 horas semanais, o cal nos parece escaso, tivemos unha profesora de apoio na aula semanal, hora que aproveitamos para facer prácticas de laboratorio, o que sen dúbida, enriquece os contidos aprendidos.

Tanto no grupo máis numeroso de Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO como na Bioloxía, xeoloxía e ciencias medioambientais de 1º Bacharelato contamos cunha profesora de apoio na aula pertencente ao Programa Proa+, 1 hora semanalmente, que qproveitamos para ir ao laboratorio, enriquecendo así os contidos dados na aula.

5. Composición do mesmo.

Asignación de grupos.	Totais	1º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BTO	2º BTO
Mª Luz Lores Buezas	16	3(reforzo) (BX)	6(BX)	3 (BX)	4(BX)	
Mª de la O de Paz Mucientes	10			6(BX)		4(Bio)
Mª del Carmen Glez.	16	1(reforzo) (BX)	10+1(Titoría)		4(Anat)	
Andrea Lagoa Núñez	19	12+ 1(Titoría) (BX)		6 (CuCi)		

María de la O de Paz é ademais Vicedirectora. Nas horas asignadas a Mª del Carmen Glez. Dobarro figura un grupo de PMAR de 3º ESO. Mª Luz Lores Buezas é a Xefa de Departamento. Andrea Lagoa Núñez coordina tamén o Clube de Ciencia.





Pilar Piñeiro, incorporada polo programa PROA+, axúdanos nun 4º ESO e en 1º Bacharelato.

6. Temas máis importantes tratados nas reunións.

Os temas máis importantes que se abordaron ao longo dos meses nas reunións de Departamento foron os seguintes.

1. Setembro.

- Reparto de materias e asignaturas a impartir polas profesoras do Departamento.
- Benvinda á nova compañeira de Departamento.
- Análise da asignación de grupos para cada profesora e de como impartilos coordinadamente.
- Programación cursos pares e impares.
- Seguemento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Actividades extraescolares.

2. Outubro.

- Coñecer o acordado na Comisión de Coordinación Pedagóxica do pasado 11 de novembro.
- Programación cursos pares e impares
- Seguemento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Actividades extraescolares.
- Inventario
- Actas de Departamento

3. Novembro.

- Programación cursos impares.
- Seguemento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Actividades extraescolares.

4. Decembro.

- Revisión programación cursos impares propostas polo director. Problema coa programación do ámbito científico de 3º Pmar.
- Discusión do proposto na ultima CCP do martes 13 de decembro desta semana.
- Seguemento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.





- Actividades extraescolares e complementarias: Charlas sobre cambio climático por Luis Alberto Samartín.

5. Xaneiro.

- Seguimento das programacións.
- Discusión do proposto na última CCP do martes 13 de decembro.
- Seguimento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Valoración das actividades extraescolares e complementarias: Charlas sobre cambio climático por Luis Alberto Samartín.

6. Febreiro.

- Discusión do proposto na última CCP do martes 31 de xaneiro.
- Seguimento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Actividades extraescolares e complementarias.

7. Marzo.

- Discusión do proposto na última CCP do martes 28 de febreiro.
- Seguimento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Actividades extraescolares e complementarias.

8. Abril.

- Análise dos resultados da segunda avaliación.
- Seguimento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Actividades extraescolares e complementarias.

9. Maio.

- Discusión do proposto na última CCP do martes 9 de maio.





- Seguemento de pendentes.
- Actividades de laboratorio.
- Actividades extraescolares e complementarias.

10.Xuño.

- Análise dos resultados nas avaliacións.
- Análise do seguemento de pendentes.
- Análise das actividades de laboratorio.
- Análise das actividades extraescolares e complementarias.
- Necesidade de actualizar o inventario.

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.

1º ESO Bioloxía e Xeoloxía

- Saída ao Mercado Municipal
- Saída Ti si que es un bo peixe
- Saídas pola contorna do instituto (observación de flora e fauna)

Charlas de divulgación científica USC:

- Con plantas e a rachar (José Díaz)

4º ESO Cultura Científica e Bioloxía e Xeoloxía

- Río Gafos

4º ESO Cultura Científica

- Museo de Historia Natural de Santiago
- Saídas pola contorna do instituto (observación de flora e fauna)
- Charlas de divulgación científica USC: Usando residuos para construír: experiencia coa casa de mexillóns (Diego Carro)

1º Bacharelato Anatomía Aplicada

- Charla dada por un podólogo "O deporte e os pés".





1º Bacharelato Bioloxía

- Práctica de clonación e de enxeñaría xenética

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.

Este curso seguiuuse empregando E-dixgal e a aula virtual na nosa práctica docente en todas as materias e asignaturas.

9. Libros de texto.

Seguimos empregando materiais colgados en E-dixgal e na aula virtual, outros recursos fotocopiados ou on line, pero ningún libro de texto obrigatorio.

En Pontevedra, 27 de xuño de 2023, M^a Luz Lores Buezas (xefa de departamento de Bioloxía e Xeoloxía)

